

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Crenzas arredor dos días da semana: Luns

Día da Lúa (*dies Lunae*).

Crese que se podían curar as lagañas se os luns penduramos do pescozo un amuleto cunhas palabras e gardando castidade. Día propicio para estercar as terras.

O luns comeza a ladaíña do folgazán: “O luns mollo, o martes lavo, o mércores seco, o xoves saco, o venres peneiro, o sábado amaso e o domingo que eu fiaría todos me din que xa non é día”.

“Luns, di a sabedoría, tal a mañán, tal o día”.